

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE MAIO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de maio de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luís Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para a construción de nave para servizos de fisioterapia na parcela sita na rúa Juan Jacobo Durán Loriga, parcela 5.18. Parque Empresarial as Gándaras (exp. 2023/Y001/000234).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga para o ano 2024 na contratación -mediante lotes- do alugueiro de stands para a instalación de postos de venda no san froilán 2022 e 2023: postos avenida Rodríguez Mourelo (lote 1), postos praza maior (lote 2), postos avenida dr. García Portela (lote 3) e postos rúa Puro Cora (lote 4) exp. 2022/C004/000016.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación dun servizo de apertura e atención ao público da sala expositiva espazo memoria viva do cemiterio de San Froilán e a. apertura do procedemento de adxudicación (exp. ref. 2024-C003-000020).

Tamén se acorda a declaración de deserto do lote 1 e adxudicación do lote 2 no expediente de contratación -mediante lotes- da subministración de produtos de alimentación (lote 1) e produtos de limpeza (lote 2) no fogar do transeúnte (exp. ref. 2024/c004/000008).

3. FOMENTO.- . Acórdase aprobar o convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Entidade Hallmann Energie, S.L., para a celebración

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refº: ispac1162078641253880567.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-5-2024

do Arde Lucas 2024.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de funcionarios/as de carreira do excmo. concello de Iugo na categoría de administrativo/a (grupo C - subgrupo C1; escala de administración xeral; subescala administrativa).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase adiar os seguintes asuntos:

- Recurso interposto contra a resolución do decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.
- Recurso interposto contra a resolución do decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.
- Recurso interposto contra a resolución do decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.
- Recurso interposto contra a resolución do decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

6- PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase adiar os seguintes asuntos:

- Recurso de reposición contra o cambio de titularidade por falecemento do titular da concesión administrativa da unidade de enterramento 46-055-1-S-C-I.
- Desestimación do recurso de reposición contra acordo 5/152 do 3 de abril de 2024.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.